

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas do Parlamento de Galicia.

Con data de 20 de setembro de 2016 rematou o prazo para a presentación de proposicións para esta contratación administrativa.

Con data de 10 de outubro de 2016 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación as empresas concorrentes son as seguintes:

- Emetel Sistemas, S.L.

Analizada a documentación do sobre B, referente a Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

O punto 16 do cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:

- Auditoría de seguridade: avaliarase especialmente os medios que se van adicar á realización da mesma, o número de horas de auditoría indicando as porcentaxes presenciais/non presenciais, o alcance da mesma (nivel de profundidade) e a documentación que se entregará (extensión, contido, formato do documento,...): de **0 a 20 puntos**.

O licitador ofrece as seguintes tarefas a realizar:

- Auditoría de configuración global de ambos niveis de barreiras.
- Revisión da arquitectura de seguridade física, infraestrutura de seguridade e medidas implementadas

- Revisión da seguridade lóxica da solución actual, facendo fincapé nas configuracións relevantes
- Revisión de todas e cada unha das políticas e regras de seguridade de cada un dos equipos pertencentes á primeira e segunda barreira para, desta forma, comprobar si é necesario modificar ou engadir algunha nova regra en calquera dos equipos comentados.
- Revisión das configuracións de logs para asegurar que o destino onde se envían é o correcto, e que políticas de seguridade están a levarse a cabo para facer backup destes datos e as configuracións dos equipos.
- Informar de todos os cambios que se deberán levar a cabo e das novas regras a implementar, ao departamento de TI do Parlamento de Galicia para, ademais de recibir a aprobación, acordar os novos cambios a realizar nas configuracións dos equipos. Consecuentemente ao consenso destes cambios e configuracións, procederase á aplicación de devanditos cambios nos equipos
- Desenvolvemento dun plan de probas adecuado aos requisitos e funcionalidades que deben proporcionar os equipos, executarase, documentarase e revisarase co Parlamento de Galicia.

E indica o cronograma das tarefas, indicando os recursos, a duración 10 días laborables (80h) dun perfil de enxeñeiro de seguridade con unha gran experiencia, certificacións e coñecemento nas tecnoloxías e arquitectura da rede do Parlamento de Galicia. O 30% das horas dedicadas serán con presenza in situ.

O adxudicatario ofrece empregar ferramentas de seguridade OpenSource de cara a extraer resultados para a análise e probas da solución auditada. Unha mostra das ferramentas que se van a utilizar para a realización desta análise son:

- Hping3
- Wireshark

En canto ao apartado da documentación da auditoría de seguridade o licitador ofrece un informe detallado que conterá os aspectos auditados, conclusións da auditoría indicando puntos fortes e débiles, e propostas de mellora.

Tras a realización das distintas fases comentadas no apartado de alcance e en base aos resultados obtidos nelas, emitirase (ao finalizar o proxecto) un informe executivo e técnico, co antes e o despois, da solución implantada onde se poidan ver as ameazas reportadas, as deficiencias emendadas e os posibles puntos de mellora a ter en conta nun futuro.

Polo anteriormente exposto, asígnanselle **20 puntos** neste criterio de xuízo de valor.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2016

Servizo de tecnoloxías da información

Asdo. Pedro Vila López